



Federación Galega de Atletismo

Avda. de Glasgow, 13. Complexo Deportivo de Elviña. Teléfono:
981291683 - Fax: 981-292056. Correo: fgatletismo@telefonica.net.
Páxina Web: <http://www.atletismogalego.org> – 15008 – A CORUÑA



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA
E DEPORTE
Dirección Xeral para o Deporte

Estimado/a Presidente/a:

Estimado/a Adestrador/a:

Un dos acordos adoptados na última reunión da Xunta Directiva da Federación Galega de Atletismo e da Comisión Delegada da Asemblea Xeral foi a aprobación do **Plan Galego de Tecnificación Atlética (PGTA 2008/2009)**. Tendo en conta a importancia que posúe para o presente e futuro do noso deporte establecer os obxectivos e liñas de actuación dos vindeiros anos, a FGA convidou aos estamentos do atletismo galego, en especial aos clubs e adestradores, a participar na súa confección. Felizmente este debate, sempre apaixonante, que vira en torno ao proceso de **tecnificación** ou período que transcorre dende que se detecta nun individuo un contrastado talento ou condicións favorables para a práctica atlética até que atinxe o seu máximo nivel de rendemento deportivo, foi sumamente fructífero e rematou ca aprobación do **PGTA**.

Foron meses de traballo intenso nos que se desenvolveron 14 xuntanzas en diferentes parte da xeografía galega, cada unha cas suas singularidades, realidades e necesidades particulares. Este proceso concluiu e forma parte xa do pasado. Na actualidade está-se a iniciar o desenvolvemento paulatino no **PGTA**. Aqueles clubs e adestradores/as que desexen ser recoñecidos oficialmente por parte da Xunta Directiva da FGA como responsables de **Núcleos** e formar parte do Plan Galego de Tecnificación, conforme aos criterios e exixencias aprobadas en cada caso e poder disfrutar dos seus beneficios, teñen a oportunidade de formular as súas peticións **até o vindeiro 5 de decembro**. Esta é, tamén, a data límite para que os atletas podan solicitar a realización dos recoñecementos médicos así como das diferentes axudas contempladas no **PGTA**.

Desexo transmitir o meu agradecemento persoal a todas aquelas persoas, representantes de clubs, adestradores/as e membros do atletismo galego en xeral, que colaboraron cun gran sentido da responsabilidade, ben ca súa presenza nas xuntanzas ou mediante as propostas formuladas por escrito, a enriquecer e mellorar o **PGTA** que será dirixido polo Director Técnico da FGA, Marcos Seijo.

Parabéns para todos/as. Recibe un cordial e afectuoso saúdo.

Isidoro Hornillos Baz
Presidente da FGA

A Coruña, a 25 de novembro de 2008

PATROCINADORES
OFICIAIS



PROVEEDOR



Centro de Especialidades Médicas
Hospital Santa Teresa
A Coruña